

# PLAN DIXITAL

[CEP Altamira]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O nome do colexio é Cep Altamira.

A dirección do mesmo é: rúa Rosalía de Castro número 11, con correo electrónico cep.altamira@edu.xunta.es.

A páxina web do mesmo é <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepaltamira/>.

O centro conta con 25 liñas en etapa de Primaria. O número de profesorado son 49. O centro conta con un edificio principal, un ximnasio, un edificio administrativo que tamén ten aulas e un pavillón.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está situado na vila de Salceda de Caselas e acolle ao alumnado de Educación Primaria de todo o concello.

O concello de Salceda de Caselas localízase no sur da provincia de Pontevedra, cunha extensión de 36,1 km cadrados. Limita ao norte co municipio de Pontearreas, ao leste con Salvaterra de Miño, ao sur con Tui e ao oeste con Porriño.

No último censo do ano 2018, o concello conta cun total de 9146 habitantes (fonte Instituto Nacional de Estatística).

Os seus habitantes repártense entre as sete parroquias que compoñen o municipio: Santa M<sup>a</sup> de Salceda, Parderrubias, Picoña, Entenza, Budiño, Soutelo e San Xurxo.

As terras de Salceda, situadas entre as comarcas da Louriña e o Condado, báñanse polas augas do río Caselas, que dá nome ao municipio, e resgardadas polas cimas de San Cibrán, monte Faro e Chan de Melo, outórganlle unhas idóneas condicións naturais que favorecen o asentamento urbano.

As primeiras culturas que poboaron Galicia tamén deixaron as súas pegadas nestas terras, especialmente da cultura castrexa e a súa posterior ocupación polos romanos, conservando a súa pegada nos xacementos do Castelo de Entenza ou San Cibrán na Picoña, con valiosos restos arqueolóxicos.

Será no ano 914 cando atopemos a primeira nova documental desta localidade. A raíña Aragonta, tras ser repudiada polo seu home Ordoño II, fundou un mosteiro dúplice (de monxas e monxes) chamado Santa María de Saliceta, adherido á regra de San Benito

Os cumes de Salceda, dotados con grandes afloramentos graníticos, son a base da tradición dos canteiros de Salceda. Quizais en poucos lugares de Galicia encontraremos un número tan elevado de pazos levantados como morada de familias fidalgas.

#### Contorna natural.

O CEP Altamira atópase na vila de Salceda de Caselas. O alumnado do centro procede das sete parroquias do concello. Polo xeral, é procedente do medio rural, salvo os habitantes do centro da vila, semiurbano.

Son salientables as explotacións graníticas, que proporcionar traballo a moitos veciños da zona. Aínda que a agricultura estea en fase de modernización, este sector límtase máis ben a ser de autoconsumo.

#### Contorna familiar.

O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo. As principais fontes de emprego da zona son as canteiras de granito e empresas derivadas, as empresas situadas no polígono industrial A Granxa (O Porriño), empresas construtoras da localidade e empresas de automoción (talleres, concesionarios de vehículos e grandes multinacionais en Vigo).

#### Centros educativos.

Manterase unha liña de colaboración cos tres restantes centros educativos do concello: A Galiña Azul, CRA Raíña Aragonta (centro de Educación Infantil, con unitarias en todas as parroquias e sede no centro) e o IES Pedras Rubias, situado fisicamente na parroquia de Parderrubias, onde se imparten ensinanzas de ESO.

Por outra banda, aparecerá reflectido na Programación Xeral Anual xa que temos varias iniciativas que teñen que levarse a cabo no curso 22/23 como cursos de formación para o manexo da PDI e da aula virtual que contribuirán ao desenvolvemento de dito Plan dixital.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital foi doado dende o punto de vista organizativo xa que o grupo de traballo que había xa participaba noutros grupos e a coordinación era máis doada debido a esta circunstancia.

A maior dificultade foi iniciar coa elaboración do mesmo xa que non sabiamos por onde tiñamos que comezar xa que era todo novo. A medida que se foi elaborando o Plan e que iba collendo forma, todo era un pouco máis doado.

Un aspecto que nos trastornou a elaboración do mesmo foron as indicacións que se viñan dando sobre a marcha dende a Consellería xa que se foran dadas con anterioridade facilitarían dita elaboración.

O que hai que destacar é a boa predisposición do noso mentor ADIX da aula virtual xa que en todo momento estaba disposto a axudar e a solucionar con acerto as cuestións que nos ían xurdindo.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:

- a) A infraestrutura de voz (telefonía): dispoñible en secretaría, dirección, orientación, xefatura de estudos e da sala de dinamización.
- b) A infraestrutura de datos (conectividade): todas as aulas teñen wifi xa que hai en todo o colexio e conexión cableada na sala de informática e na biblioteca.
- c) Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
  - Aulas dixitalizadas: Todas as aulas contan con proxector menos as dúas aulas de PT e as dúas aulas de AL. Teñen PDI 5º e 6º curso que teñen e-dixgal. O resto das aulas, que son 27 (1 de inglés, 2 de relixión, audiovisuais, 2 PT, 2 AL e 19 aulas) teñen PDI soamente 7 aulas.

- Proxecto E-Dixgal: todas a clases de 5º e 6º curso teñen e-dixgal, é dicir, portátil e PDI aínda que dúas das PDI non funcionan.
  - Equipos de xestión e administración: dous ordenadores en secretaría (administrativa e secretario), dirección, xefatura, unha fotocopiadora e una trituradora.
  - Uso na biblioteca: pantalla, proxector e un ordenador.
  - Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: na sala de mestres hai 4 ordenadores, unha máquina fotocopiadora. Na aula de dinamización hai un ordenador.
  - Aula de informática: conta con 24 ordenadores, unha pantalla e un proxector. Tamén conta con 6 ordenadores obsoletos de Amtega, 5 tablets para que traballe o alumnado con necesidades especiais e cunha impresora 3D mercada polo colexio.
  - Aula de radio: contamos cunha mesa de misturas e 5 micrófonos, todo mercado polo colexio e un ordenador Amtega.
  - Aula de robótica: o centro contra con un aula onde se realiza o obradoiro de robótica. Temos 9 robots.
- a) Servizos dixitais educativos: contamos con páxina web do cole (en proceso de mellora), aula virtual, espazo Abalar, Abalarmóbil.
- e) Xestión do mantemento do equipamento do centro: contamos cunha empresa externa que nos fai o mantemento semanal dos equipos e das incidencias ou melloras do centro, UAC e UAC Premium.
- f) Os protocolos do centro relacionados coas TIC están nos seus respectivos documentos (á espera de renovar a páxina web do colexio e así poder atopar todo de maneira máis intuitiva).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,5				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	3,8				

<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	4,2				

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	25	28	89,30%
<b>PROVISIONAL</b>	3	4	75
<b>INTERINO</b>	1	1	100
<b>SUBSTITUTO</b>	5	6	83,3
<b>DESPRAZADO</b>	3	3	100

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,80%	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Pri.</b>	80,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	14	37,8
<b>B1</b>	14	37,8
<b>B2</b>	7	18,9
<b>C1</b>	1	2,7
<b>C2</b>	1	2,7
<b>TOTAL</b>	37	99,90%

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No centro contamos con dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza, con acceso a internet e con servizo de asistencia técnica. Tamén contamos con sistema de protección de datos.	
	PERSONAL DOCENTE	Participación e predisposición en cursos de desenvolvemento profesional continuo.	Falta de tempo para desenvolver contidos dixitais.
	PERSONAL NON DOCENTE	No Predisposición Predisposición hacia o uso das novas tecnoloxías.	
	ALUMNADO	Predisposición ao traballo con instrumentos dixitais. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais na casa.	Falta de dominio en instrumentos dixitais fóra do ocio. Número excesivo de alumnado por aula
	FAMILIAS	Predisposición a axudar aos seus fillos/as tecnolóxicamente.	Pouco control parental sobre os contidos que visita o alumnado. Baixa competencia dixital.
	OFERTA	Hai reciclaxe en cursos de novas tecnoloxías.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Comunicación fluída coas familias e cos mestres mediante distintas plataformas dixitais. Implantación do edixgal en 5º e 6º curso.	Poucas visitas de estudos a outros centros, organizacións...

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Pouca axuda económica para mercar dispositivos. Excesivo número de horas de dedicación do coordinador Tics en horario lectivo
	LEXISLACIÓN		Exceso de papeleo burocrático. Continua aparición de novas leis que carga máis ao equipo correspondente.
	CONTORNA		
	ANPA	Predisposición do equipo anpa para calquer traballo.	Poboación dispersa. Falta de internet en parroquias.
	OUTRAS ENTIDADES	Único colexio na contorna polo que é máis doado chegar a todo o alumnado do pobo.	Escaso apoio doutras institucións locais en canto o factor económico



### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Este apartado está indicado nas táboas adxuntas a continuación.

#### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Utilizar por parte do profesorado a PDI como recurso tecnolóxico no seu día a día na aula.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Capacidade para desenvolver actividades e recursos utilizando a PDI na aula.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 actividades realizadas.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Utilizar 6 actividades dixitais o 75% do profesorado.			Final do 3º trimestre.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Asegurar que todas as PDI estén operativas.	Equipo directivo e Coord. TIC	1º trimestre	PDI e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación na utilización da PDI e recursos para o profesorado	Coordinador FPP	2º trimestre	Aula TIC, ordenador e PDI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Posta en practica de 6 actividades dixitais	Profesorado	3º trimestre	PDI e ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Crear actividades e contidos para a aula virtual.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado, coordinador tic e equipo directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Capacidade para crear contidos na aula virtual.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 contidos creados.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Subir contidos para 3 unidades didácticas.			Final 3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Manexo básico da aula virtual	Profesorado, coordinador tic e equipo directivo.	1º trimestre	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación na creación de contidos	Profesorado, coordinador tic e equipo directivo.	2º trimestre	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Subida de contidos para 3 unidades didácticas	Profesorado	3º trimestre	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Iniciar ao alumnado no uso dos documentos de texto.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Elaboración e presentación de documentos de texto.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 conocimientos en documentos de textos.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 traballos con textos			3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Conceptos básicos do uso de programas de edición de texto.	Profesorado	1º trimestre	Aula TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Búsqueda e selección de información en internet.	Profesorado	2º trimestre	Aula TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Entrega de 6 documentos de texto con imaxes e maquetación.	Profesorado	3º trimestre	Aula TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As melloras do noso centro son as seguintes:

- Aulas: Dotar de PDI as aulas anteriormente citadas (27) pola ausencia das mesmas.
- Aula 3D: esta aula está dotada cunha impresora 3D mercada cos recursos do colexio e debido ao número elevado de alumnado, necesitaríase unha máis. Este ano fíxose un PFPP de impresión 3D polo que se necesitaría unhas gafas de RV, lápis 3D e escáner 3D xa que queremos por en marcha un obradoiro 3D.
- Aula de Radio: en radio necesitamos un ordenador portátil, un sistema de gravación de son e micrófonos individuais. A razón da necesidade do mesmo é que este material é para mellorar as condicións da radio xa que é unha actividade que lle estamos a sacar moito rendemento dentro do centro e cada vez ten máis uso por parte de todo o alumnado. Tamén se fixo este ano un PFPP de formación de radio.
- Obradoiro de stop-motion: queremos iniciar un obradoiro de stop-motion polo que necesitamos material para poder inicialo como por exemplo unha cámara fotográfica con trípode, un estabilizador gimbal para teléfonos móbiles e webs cams.
- Aumentar o número de robots para o obradoiro de robótica.

### 4. Avaliación do plan

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 5. Difusión do plan

A difusión de dito plan será na páxina web do colexio para a comunidade educativa, informando da súa publicación mediante abalar móbil.